


Facultade de Filoxía e Tradución
Universidade de Vigo

Comisión de Calidade 09/06/2022



Acta da sesión ordinaria da Comisión de Calidade da facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 09 de xuño na Sala de Xuntas da FFT do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Asistentes:

Secretaría

María Seijas Montero

Sector profesorado

Inmaculada Báez Montero
María del Carmen Cabeza Pereiro
Antonio Chas Aguión
María Dolores González Álvarez
Jesús González Maestro
Lourdes Lorenzo García
Ana María Pereira Rodríguez
Beatriz María Rodríguez Rodríguez
Martín Urdiales Shaw

Enlace de igualdade

María del Carmen Cabeza Pereiro

Representate da sociedade

Marta Souto González

Desculpan

Javier de Agustín Guijarro
Miguel Cuevas Alonso
Alexia Dotras Bravo (representante persoas tituladas)
Carmen Luna Sellés
José Francisco Montero Reguera
Fernando Ramallo Fernández
Rosalía Rodríguez Vázquez

Non asisten

Xosé Henrique Costas González
José Yuste Frías
Belén Otero Rey (PAS)

Ábrese a sesión ás 17:15.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (sesión ordinaria de 22/07/21 e sesións extraordinarias de 16/11/21 e 24/02/22)

Sométense a validación as actas. Apróbanse por asentimento.

2. Informe do decano

Preside a sesión a vicedacana de calidade, por delegación e ausencia xustificada do decano. A vicedecana de calidade informa sobre a incorporación de María del Carmen Cabeza Pereiro como novo Enlace de Igualdade da facultade polo nomeamento de María Isabel del Pozo Triviño como vicerreitora de Internacionalización. Dálle a benvida e as grazas, en nome do decano, por aceptar o encargo. Informa tamén que a facultade segue á espera do Informe Provisional de Certificación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Filoloxía. Cando chegue haberá dez días para presentar as alegacións oportunas.

3. Validación, se procede, do rexistro *Seguimento de Información Pública* do curso 2021-2022 (R1 DO-0301 P1)

A vicedecana de calidade explica que este é un rexistro que se ten que revisar e validar todos os anos, e o que validamos é o do actual curso 2021/2022. A súa finalidade é garantir que a información pública da Facultade de Filoloxía e Tradución e das titulacións que se imparten nela sexa accesible aos distintos grupos de interese (estudiantado -propio e alleo-, PDI, PAS e persoas tituladas) e estea actualizada, ademais de cumprir cos requisitos establecidos polos programas de calidade da Universidade de Vigo e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG). O que se tentou é destacar as diversas canles para a difusión e o acceso á información pública do centro, é dicir, a web da facultade, as webs dos mestrados, as webs dos departamentos con sede na facultade, ferramentas de teledocencia e teletraballo, as redes sociais da facultade e da delegación de estudantes ou as listas de correo electrónico.

O Rexistro tamén inclúe unha listaxe coas ligazóns ás webs que recolle a información pública mínima que o centro e as titulacións deben publicar segundo a ACSUG (descripción do profesorado, aulas e seminarios, denominación das titulacións, número de créditos, etc.). Como conclusión, logo de facer este rexistro podemos e afirmar que na actualidade a Facultade de Filoloxía e Tradución cumpre as esixencias ligadas á información pública tanto do propio centro como das titulacións que nel se imparten.

Pide a palabra a directora do departamento de Filoloxía inglesa, francesa e alemá para propoñer incluír a información dos grupos de investigación. A vicedecana explica que este é un dos informes que hai que subir á web e que se podería incluír esta información no informe do próximo curso se a comisión considérao oportuno. A comisión acorda incluír esta información no informe de 2022-2023.

Valídase por asentimento

4. Validación, se procede, do procedemento de Programación e desenvolvemento estratéxico (Código DE-01).

A vicedecana de calidade explica que este procedemento foi enviado pola Área de Calidade da Universidade de Vigo para a súa validación en Comisión de Calidade e posterior aprobación en Comisión Permanente por delegación da Xunta de Facultade. O rexistro adaptado a este procedemento —Programa de Desenvolvemento Estratéxico do Centro (R1-DE01 P1)— teremos que elaborar nos próximos meses, ademais este procedemento inclúe a política e obxectivos de calidade e as metas asociadas a cada un dos indicadores (grao de satisfacción do alumnado, taxa de abandono, etc.). Debemos tomar como punto de partida o Plan Estratéxico da Universidade de Vigo 2021-2026. Teremos que crear un grupo de traballo ou comisión no que deben participar todos os grupos de interese e desenvolver as liñas estratéxicas do centro que constitúen a política de calidade e estar aliñadas cos obxectivos, e metas que se establezan.

Valídase por asentimento

5. Valoración final e validación, se procede, do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección do curso 2020-2021.

A vicedecana de calidade agradece ás coordinacións dos títulos a súa colaboración na elaboración do *Informe de Revisión do Sistema pola Dirección*. Tras analizar toda a información relacionada co funcionamento do SGC e os informes dos diferentes títulos explica algúns aspectos a modo de conclusión xeral.

1. Durante o curso 2020/2021 rexistráronse catro QSP –tres queixas e unha suxestión relativas á docencia nos graos-, que foron atendidas, respondidas e tomáronse as medidas oportunas para solucionarlas. Son datos máis positivos que no curso 2019/2020, cando se atenderon cinco, e no 2018/2019 con oito QSP.
2. O balance xeral de matrícula é positivo. Incrementouse, un ano máis, o número de estudantes matriculados no grao en Linguas Estranxeiras, que superou o 100% de ocupación, cunha taxa de 114%. No grao de Tradución e Interpretación tamén houbo un importante incremento, superouse o 100% de ocupación, con 128 prazas das 120 ofertadas, e unha taxa de 106,67%. En relación ao grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios tivo un lixeiro incremento no curso 2020/2021, cunha taxa de ocupación do 50% fronte ao 46% dos dous cursos anteriores.
En canto aos estudos de mestrado, a taxa de ocupación mantense no MTM e no MEIA nos dous últimos cursos, e aumenta no MILA e no MTCI por terceiro ano consecutivo. O Máster en Tradución para a Comunicación Internacional mesmo superou o 100% de ocupación (104%).
3. En canto a procedencia xeográfica do estudantado dos graos confirmase que máis da metade do estudantado —66,7%— é da provincia de Pontevedra.

Quizais sería bo dar unha maior visibilidade intensificando as accións de captación dos graos nas zonas xeográficas máis afastadas, sobre todo, en Ourense. En canto a procedencia do estudantado dos mestrados predomina a orixe pontevedresa cun 50,4%, as outras provincias teñen case as mesmas porcentaxes que nos graos, pero é importante destacar que o 21% do estudantado procede de fóra de Galicia, o que deixa patente o relativo interese do estudantado non galego nos mestrados da FFT, sobre todo, no MTM (29,3% do total do estudantado) e no MTCI (22,4%).


4. A taxa de abandono en estudos de grao aumentou no GLE cun 20,83% e no GTI cun 21%. Porén, a meta asociada a este indicador actualizouse para o curso 2020/2021 pasando de <15 a $\leq 20\%$, polo que case se alcanza a meta fixada. Haberá que examinar con atención este indicador en anos sucesivos e ver se se consegue a nova meta asociada. No grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios detéctase un importante descenso do abandono no curso 2020/2021, pois a taxa baixou ao 11,11% fronte ao 33.3% do curso 2019/2020, é posible que inflúa nesta baixada que o grao está en extinción. Pola contra, a taxa de abandono nos estudos de mestrado descendeu no MTCI (11,11%), MTM (12%) e no MILA (20%) e aumentou un pouco no MEIA (20%), pero en todos os casos está lonxe da meta do $\leq 5\%$, pero non teñen en conta o estudantado con recoñecemento de créditos, como ocorre no MEIA. O coordinador deste mestrado agradece no chat esta aclaración.
5. A taxa de graduación neste curso só mellora no grao de CLEL, pero só supera a nova meta establecida ($\geq 50\%$) o GTI. Xa que logo, propónse como acción de mellora analizar os posibles motivos da baixa taxa de graduación (efectos da pandemia, influencia de non ser a súa carreira de preferencia, etc.). Nos mestrados, todos superan a meta establecida ($\geq 65\%$).
6. A Facultade destaca por favorecer a mobilidade do estudantado, e nese sentido é importante indicar a cifra de estudantes que participan en programas de intercambio internacional. O curso actual vén tamén marcado pola pandemia mundial o que podería explicar que continúe a baixada que se iniciou no curso pasado. Así, o estudantado internacional entrante foi de 63 no curso 2020/2021, fronte aos 146 do 2019/2020 e aos 198 do curso 2018/2019. O saínte 23 fronte aos 88 do 2019/2020 e aos 82 do 2018/2019. Ante estes datos, é necesario esperar á evolución nos seguintes cursos académicos para comprobar se se recuperan os índices habituais ou hai que plantexar propostas de mellora.
7. En canto aos resultados de participación do estudantado nas enquisas de satisfacción coas titulacións obsérvase unha menor implicación do estudantado. A participación tan só subiu no grado de Linguas Estranxeiras que alcanzou o 34,88%; o Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións obtivo a maior participación do centro



- cunha porcentaxe do 37,50%. No resto das titulacións a participación neste curso foi máis baixa. É importante fomentar a participación do estudantado.
8. Polo que respecta á valoración dos títulos polo estudantado os resultados son máis positivos. O grao de satisfacción aumentou en todas as titulacións, salvo no Máster en Tradución para a Comunicación Internacional que descendeu nos tres últimos cursos de referencia.
 9. A valoración do programa PAT nas enquisas de satisfacción non supera en ningunha titulación de grao o 3, polo tanto segue sendo susceptible de mellora. Xa que logo, é preciso propoñer como acción de mellora do centro que a coordinación do grao asuma tamén a coordinación do PAT, posto que a satisfacción co Plan de Acción Titorial segue baixando nos últimos cursos.
 10. No apartado de persoas titutadas o índice xeral de satisfacción é de 3.31, polo tanto, é algo inferior aos resultados obtidos no ámbito humanístico (3.49). Tamén descendeu moito a participación tanto no centro (21% fronte o 43% do curso 2019/2020) coma no ámbito humanístico (22% fronte o 41%).
 11. En canto aos datos xerais relativos ás enquisas de avaliación docente realizadas polo estudantado é importante destacar as boas valoracións que, en xeral, recibe o profesorado da Facultade de Filoloxía e Tradución. Este curso os mellores resultados no grao obtivéronse en Tradución e Interpretación —itinerario español-francés (4.25)— e en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios (4.21). Nos estudos de mestrado os mellores resultados nas enquisas foron para o profesorado do Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados (4.96) e as súas Aplicacións e do Máster en Lingüística Aplicada (4.81).
 12. O estado das accións de melloras do Informe elaborado o curso pasado reflicte que moitas están feitas ou completadas parcialmente e outras en proceso de realización.
 13. Necesítase apoio administrativo para as labores de calidade e de posgrao, que son asumidas en grande parte polo PDI, sobre todo, para a recompilación de datos, realización de táboas e gráficas ou organización dos rexistros de calidade (evidencias) na aplicación informática do SGIC da FFT. Esta figura administrativa contribuiría notablemente á mellora da xestión dos diferentes procesos de calidade desenvolvidos no centro, xa que descargaría ao vicedecanato de Calidade e aos coordinadores de mestrado dos aspectos administrativos, para que se poidan centrar nos aspectos académicos.

En base a estas conclusións a Comisión de Calidade acorda:

1. Implementar as melloras propostas para o próximo curso académico.
2. Seguir traballando en campañas de difusión para captar máis estudantado nos graos e estudos de mestrado.



3. Elaborar un novo PAT adaptado ao novo procedemento aprobado pola UVigo.
4. Seguir fomentado as accións de comunicación co estudantado para animalo a participar nas enquisas de satisfacción coas titulacións e profesorado
5. Por último acórdase seguir reclamando que se teñan en conta aos estudantes Erasmus no cálculo de estudantado por grupo para a elaboración da PDA.

Pide a palabra a directora do departamento de Filoxía inglesa, francesa e alemá para preguntar cómo se fará o seguimento sobre o baixo índice da taxa de graduación do GLE. O coordinador da titulación escribe no chat que esta é unha cuestión que xa estaba presente no informe anterior e repítese cada ano. A vicedecana de calidade indica que sería importante saber o motivo de porque non defende o TFG, pois pode ser unha das causas da baixa taxa de gradación no grao.

Valídase por asentimento

6. Rogos e preguntas

Non hai rogos e preguntas

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 17:55

Vigo, 09 de xuño de 2022


Visto e prace do Decano

A secretaria (Vicedecana de calidade)



José F. Montero Reguera

María Seijas Montero



DILIXENCIA

Para facer constar que esta acta foi aprobada na Comisión de Calidade ordinaria do 19/12/2022

A/O Secretaria/o da Comisión de Calidade



María Seijas Montero